

ORDENANZA FISCAL Nº 31 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS DA OFICINA MUNICIPAL DE REHABILITACIÓN.

Art. 1º. Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a "Taxa por prestación de servicios técnicos da oficina municipal de rehabilitación", que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, e as súas normas atenden o previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Art. 2º. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación do servicio de realización de proxectos de reforma de edificios para a rehabilitación, de reconstrucción de inmobles e de outras actuacións urbanísticas encadradas na ordenanza municipal de rehabilitación por parte da Oficina de Rehabilitación do concello, no contexto dos plans de rehabilitación do casco histórico de Mondoñedo e os barrios de os Muiños e San Lázaro.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, quen es soliciten a realización dos correspondentes proxectos técnicos de rehabilitación de vivenda á Oficina de Rehabilitación do Concello.

2. Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuínte o propietario dos locais ou vivendas obxecto de rehabilitación.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 49 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Exencións.

Gozarán de exención subxectiva aqueles contribuíntes que foran declarados pobres por precepto legal, estean inscritos no Padrón de Beneficencia como pobres de solemnidade, ou teñan ingresos anuais inferiores os que correspondan o salario mínimo interprofesional.

Artigo 6º. Cuota tributaria.

A cota tributaria consistirá nunha porcentaxe única dun 1% sobre el custo de

execución de cada proxecto redactado polos servizos técnicos da Oficina de Rehabilitación, de acordo coa correspondente memoria económica realizada.

A efectos do previsto no presente artigo, dita porcentaxe aplicarase sobre o custo de execución unha vez deducida do mesmo a cantidade subvencionada polo concello.

Artigo 7º. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se inicia a prestación do servizo de redacción do proxecto polos servizos técnicos da oficina de Rehabilitación.

Artigo 8º. Declaración e ingreso.

A liquidación da débeda tributaria realizarase polos servizos de recadación do concello. Será necesario o ingreso previo da débeda tributaria de cara á obtención e entrega dos correspondentes proxectos técnicos por parte da Oficina de Rehabilitación.

Artigo 9º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo a calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICION FINAL:

A presente ordenanza fiscal, que foi aprobada polo pleno da corporación en sesión de 18 de Setembro do 2003, entrará en vigor e será de aplicación a partir da publicación da súa aprobación definitiva no BOP e do transcurso do prazo establecido no artigo 70.2 LBRL, lei 7/1985, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.